

Acordo do 10 de febreiro do 2025 do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, pola Resolución do 30 de novembro do 2023 (DOG nº 230 do 4 de decembro do 2023) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación nas categorías de redactor/a, realizador/a, técnico/a electrónico/a, técnico/a de control e reporteiro/a gráfico/a, polo que se establecen os criterios de corrección e superación dos exercicios tipo test.

En sesión que tivo lugar o día 10 de febreiro do 2025, o tribunal nomeado pola Resolución do 29 de xaneiro do 2024, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. para cualificar o proceso que se cita na cabeceira

ACORDOU

I. Criterios para as categorías de realizador/a e redactor/a

Consonte ao establecido na Base III.1.1 o exercicio é eliminatorio e obrigatorio.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento corenta (140) preguntas tipo test máis cinco (5) preguntas de reserva.

O exercicio terá unha duración máxima de douscentos (200) minutos.

En aplicación do establecido na dita base correspóndelle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima. Consonte co anterior, o tribunal acordou que superarán a proba un máximo do corenta por cento (40%) das persoas presentadas, sempre e cando teñan respondido correctamente ao corenta por cento (40%) das preguntas consideradas válidas unha vez feitas as deducións por respostas incorrectas.

As preguntas non contestadas non puntúan nin reciben penalización.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo e trinta e cinco (35) puntos, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Asignarase unha puntuación de trinta e cinco (35) puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte. O resto das persoas aptas terán unha cualificación distribuída entre os trinta e cinco (35) e sesenta (60) puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

II. Criterios para as categorías de técnico/a electrónico/a, técnico/a de control e reporteiro/a gráfico/a

Consonte ao establecido na Base III.1.1 o exercicio é eliminatorio e obrigatorio.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test máis catro (4) preguntas de reserva.

O exercicio terá unha duración máxima de cento sesenta (160) minutos.

En aplicación do establecido na dita base correspóndelle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima. Consonte co anterior, o tribunal acordou que superarán a proba un máximo do corenta por cento (40%) das persoas presentadas, sempre e cando teñan respondido correctamente ao corenta por cento (40%) das preguntas consideradas válidas unha vez feitas as deducións por respostas incorrectas.

As preguntas non contestadas non puntúan nin reciben penalización.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo e trinta e cinco (35) puntos, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Asignarase unha puntuación de trinta e cinco (35) puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte. O resto das persoas aptas terán unha cualificación distribuída entre os trinta e cinco (35) e sesenta (60) puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

San Marcos, asinado dixitalmente

O presidente do tribunal (redactor/a,
realizador/a, técnico/a electrónico/a,
técnico/a control e reporteiro/a gráfico/a)

José Soengas Pérez